



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano  
Bloque 3 , 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 544 814/813  
secretaria.xeral.cultura@xunta.es  
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES DE NOSA SEÑORA DO ROSARIO PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES E DE CAPITAL DESTINADOS Á REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN E DIVULGATIVAS DO NOSO PATRIMONIO CULTURAL.**

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

**DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou coa Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento de parte dos gastos correntes e de capital necesarios para a realización de actividades de conservación, catalogación, estudo e difusión do noso patrimonio cultural. O importante fondo documental, bibliográfico e artístico que posúe a Real Academia Galega de Belas Artes, e o seu incremento constante, obriga a realizar un proceso de catalogación permanente. Co fin de cumprir cos seus obxectivos, e por mor da crecente demanda de consultas de fondos e documentación por parte de diversas institucións públicas e privadas, para a realización de estudos e procesos de investigación encamiñados á protección e conservación do patrimonio.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O Decreto 392/2003, do 23 de outubro, polo que se regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de academias de Galicia, complementa o Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre actuacións por parte da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de academias e a súa asignación a diversos departamentos da Xunta de Galicia.

A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, asociada ao Instituto de España, é unha corporación oficial que baixo o alto padroado de Súa Maxestade o Rei, ten como finalidade actuar como institución consultiva da Administración estatal e autonómica en todo o relativo á protección, acrecentamento e transmisión ás xeracións futuras dos bens culturais, segundo o previsto nos artigos 3.2 da Lei 16/1985, de patrimonio histórico español, e 7.3 a) da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, así como promover e realizar estudos de investigación e para o fomento e desenvolvemento das manifestacións artísticas dentro de Galicia.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública xa que no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2017 figura unha dotación a favor da Real Academia Galega de Belas Artes de





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano  
Bloque 3 , 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 544 814/813  
secretaria.xeral.cultura@xunta.es  
web: <http://www.cultura.gal/>



Nosa Señora do Rosario. Así mesmo, a Real Academia, custodia unha serie de fondos artísticos e documentais, en proceso de catalogación, que constitúen un ben único e están dotados dun marcado carácter singular dentro do patrimonio cultural galego.

Por todo o anterior, é a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asínase esta memoria en Santiago de Compostela

